

PLAN ANUAL DE LECTURA CURSO 2022-2023 ÍNDICE:

- 1.- Obxectivos do Plan Lector.
- 2.- Análise das metodoloxías empregadas.
- 3.- Creación de ambientes lectores.
- 4.- Avaliación da biblioteca.
- 5.- Estatísticas curso 2021-22.
- 6.- Programas nos que está inmerso o Centro.
- 7.- Organización de espazos e tempos para a lectura.
- 8.- A biblioteca escolar no Centro. Seccións.
- 9.- Recursos humanos que interveñen nas actividades de fomento da lectura.
- 10.- Itinerarios lectores.
- 11.- Actividades programadas.
- 12.- Conclusións.

1.-OBXECTIVOS. FUNDAMENTACIÓN DO PLAN LECTOR:

1. Desenvolver a competencia lectora.
2. Favorecer a competencia literaria.
3. Educar no uso crítico da información.
4. Fomentar o hábito da lectura.
5. Apoiar a adquisición das competencias básicas.

2.-ANÁLISE DAS METODOLOXÍAS EMPREGADAS:

As metodoloxías empregadas no ámbito da lectura no Centro ata agora (últimos catorce anos) foron en dúas direccións paralelas, a lectura obligatoria, en diferentes áreas, como complemento ao currículo e available mediante traballos ou controis, son lecturas que se fan fora do tempo lectivo de forma individual.

A segunda opción é a lectura para “animar a ler”, a lectura por pracer, que se ven desenvolvendo dese hai catorce anos, e de forma regrada desde a hai dez anos, mediante a “hora de ler” que se desenvolve na ESO, mediante unha hora semanal de forma rotativa. Nesta mesma dirección nacen dentro da biblioteca outras actividades como os Clubs de lectura, optativos e fora do horario lectivo, que mantén reunións mensuais ou quincenais, proponse un tema e logo elíxese un libro, que despois se debate na biblioteca, ou na Sala de titoría; ademais das iniciativas individuais do profesorado a favor da lectura e a animación e divulgación dos programas de lectura da biblioteca.

No ámbito da escritura, da mesma maneira, hai unha metodoloxía ligada ao currículo e polo tanto available e por outro lado fomentase a escritura creativa desde a biblioteca mediante certames organizados dentro e fora do Centro.

Sería conveniente poñer en marcha programas de formación do profesorado para revisar as nosas metodoloxías e incorporar diferentes prácticas.

3.- CREACIÓN DE AMBIENTES LECTORES.

I) HORA DE LER.

- a) Establécese unha hora semanal que será rotativa en horas e días.
- b) Creación da biblioteca de aula desde as titorías coa orientación e axuda dos coordinadores e da biblioteca. Esta iniciativa queda en suspenso neste curso debido ao coronavirus e o protocolo que se aplica.
- c) Lectores autónomos entorno a Biblioteca de Aula. Anulada este curso.
- d) Este curso seguimos coas lecturas en común: de xeito rotativo os grupos baixarán a biblioteca e a coordinadora da mesma xunto co profesor correspondente lerán un pequeno texto con eles, previamente escollido, despois comentarase e por último visualizaremos un pequeno vídeo sobre o tema. (trataremos temas transversais especialmente).

II) ESCRITURA NO PROXECTO LECTOR.

Complemento imprescindible da lectura é a escritura. Polo que esta estará presente no proxecto lector mediante o fomento da creación (Certames, obradoiros, exposicións...) e da investigación: Busca e selección de información, presentacións de traballos tanto individuais como colectivos, etc. As TIC volverán ser unha ferramenta imprescindible para o desenvolvemento deste apartado, en especial este curso de pandemia.

III) ACTIVIDADES .

- Conseguir que funcione a hora de lectura e a hora de escritura así como os certames literarios.






- Animar á formación de clubs de lectura.
- Conseguir a Implicación dos pais e nais nas actividades de lectura mediante a presentación da biblioteca e todos os seus recursos e servizos e a coordinación do proxecto lector na recepción inicial de pais e nais do alumnado.).
- Fomento da lectura en grupos de traballo multidisciplinar que poderían partir dun tema de estudio proposto.
- Seguir fortalecendo o certame de creación e investigación que xa se celebra no centro e que volve gozar de boa saúde.
- Cine, documentais, música

ORGANIZACIÓN:

Problemas: se xurdiran, estes serán atendidos pola persoa coordinadora do proxecto lector e os departamentos, en tempo e grupo concreto.

- O alumnado recollerá os seus libros de lectura por quendas dunha exposición que se organizará para eles na biblioteca. A selección para dita exposición deberá ser consensuada pola biblioteca e as propostas dos departamentos, que a súa vez deberán estar incluídas nas respectivas programacións. Está prohibido tocar os materiais, o equipo da biblioteca atenderá de forma individual ao alumnado para escoller os mesmos.
- A hora de ler tense que entender como hora de lectura, libremente escollida e non como hora de facer os deberes, de estudar para os exames ou de impartir clases.
- Na hora de ler non se poderán recoller nin cambiar os libros de lectura na biblioteca.
- O calendario da hora de ler estará exposto ao principio de cada trimestre nas aulas e na sala de profesorado.
- Difusión da lectura: Divulgación de guías de libros de lectura (novedades e clásicos) cartaces, presentación directa de lecturas na aula por parte do profesorado, contacontos, visitas á biblioteca encontros con autores, obradoiros..... A maioría destas actividades non se poderán facer este curso.

4.-AVALIACIÓN DA BIBLIOTECA POLOS ALUMNOS CURSO 2021/22



7-Hai algunha suxestión que quixeras fazer sobre a Biblioteca do centro?

Fíxoselle a enquisa a todo o alumnado da ESO: **263** alumnos/as. As conclusóns que sacamos son que temos que seguir visivilizando a biblioteca, captando lectores, mellorando a mesma e traballando a prol da lectura e a escritura. O alumnado suxire que poñamos máis ordenadores, pero cremos que son suficientes, o que ocorre e que queren xogar neles no recreo; tamén que haxa máis silencio porque os que están nos ordenadores alboratan demasiado, estivemos traballando nisto e a situación mellorou, pero o problema é que farían falta dúas persoas na biblioteca nos recreos e non é posible; polo demais fan suxerencias de libros e de cambios no mobiliario que serán atendidas na medida do posible.

A nosa avaliación:

Actualizáronse os lectores da Biblioteca a comezo de curso e elaborouse un caderno asignándolles un número para o préstamo previo vertido dos datos do alumnado dende MEIGA.

Realizáronse durante todo o ano labores de catalogación. Os datos estatísticos permítenuos realizar o seguinte esquema comparativo:

DATOS ESTATÍSTICOS DO MOVIMENTO DA BIBLIOTECA. Dende 25/05/2021 Ata **15/09/2022**

Préstamos Préstamos libros: Adultos	1435
Préstamos libros: Infantil	0
Préstamos libros: Total	1435
Préstamos publicacións periódicas: Adultos	415
Publicacións periódicas: Infantil	
Publicacións periódicas: Total	0
Documentos sonoros: Adultos	29
Documentos sonoros: Infantil	0
Préstamos documentos sonoros: Total	0
Préstamos documentos audiovisuais: Adultos	126
Préstamos documentos audiovisuais: Infantil	0
Préstamos documentos audiovisuais: Total	126
Préstamos documentos electrónicos: Adultos	0
Préstamos documentos electrónicos: Infantil	0
Préstamos documentos electrónicos: Total	0
Préstamos outros documentos	0
Libros:	2005



Material audiovisual:258

TOTAL PRÉSTAMO INFORMATIZADO: 2049 UNIDADES, INCLUINDO O PRÉSTAMO DE VERÁN.

Comentario e comparación con respecto ao ano anterior máis abaxo.

As **mochilas viaxeiras non se prestaron este curso polo protocolo do COVID.19**

Préstamo de fondos non catalogados no sistema MEIGA, **basicamente publicacións periódicas (National Geographic, Descubrir el Arte, Fotogramas, CLIJ, Retranca)**: en total prestáronse manualmente unhas 150 unidades.

Lectores dixitais: (210 libros lidos neste soporte) xa empregados durante o curso pasado, temos un total de 20 para realizar lecturas en formato dixital. Estamos a optimizar o seu uso; utilizámolos para os préstamos habituais de todo o alumnado.

TOTAL PRÉSTAMO NO CURSO 2021-2022:

Nº de rexistros bibliográficos	22.068
Nº volumes	22.105
Libros	20.599
Música impresa	13
Música manuscrita	1
Mapas impresos	3
Mapas manuscritos	4
Audiovisuais	1.183
Gravación de son non musical	1
Música	175
Debuxos, fotos	1
Material mixto	1
Prensa, revistas	87
Ligazóns Web	18
Nº de títulos	24.943
Nº de autores	4.373
Nº de CDU	20.883
Nº de series	14.262
Nº de materias	39.003
Nº de editoriais	1.803
Nº de lectores	815
Data última actualización	07/10/2022 09:12:48



A comparativa de datos permítenos establecer conclusións, áinda que temos un número de 808 lectores potenciais, o préstamo total diminuíu en 20, alcanzamos un nivel alto de préstamos xa en cursos pasados por iso a partires de agora estancarase ou o aumento será lento. O número de volumes catalogados foi similar ao curso pasado, a actividade de catalogación neste curso: último rexistro: 22669, centrouse nas novas adquisicións e na renovación de Lingua castelá, como xa indicamos. Pero, áinda segue habendo fondos de departamentos que están sen actualizar, hai que seguir facendo este traballo, e recolocando e expurgando doutros fondos que queremos fazer más visibles.

6.- BIBLIOTECA 2022-2023 Programas nos que participa a biblioteca e nos que colabora a biblioteca:

A Biblioteca do IES de Vilalonga está a traballar unha serie de valores e temas transversais que o noso equipo considera primordiais para o desenvolvemento e a formación do alumnado. Dende a biblioteca ou ben en coordinación con determinados profesores ou Seminarios levaremos a cabo, ao longo deste curso, unha serie de actividades encamiñadas a reforzar as súas actitudes solidarias e de compromiso co seu entorno. Entre as que destacamos:

1. Tratar de identificar os problemas individuais que presentan.
2. Fomentar a cultura do esforzo.
3. Crear un bo ambiente de convivencia e de respecto mutuo.

C.-PROGRAMA TEI: a finais do curso 2014/15 o Departamento de Orientación realizou unha enquisa ao alumnado, para valorar o estado da convivencia entre iguais no I.E.S de Vilalonga.

Como resultado da información obtida, puxemos en marcha un plan para mellorar a convivencia e previr o acoso escolar. Para empezar contactamos, cos institutos más próximos a Vilalonga e invitámoslos a unirse a nós nun itinerario de convivencia tutelado polo Centro de Formación de Profesorado de Pontevedra, dentro dos PFP

(Plans de Formación Permanente de Profesorado). Sumáronse a este proxecto o I.E.S de Bizocas (O Grove) e o I.E.S. Portonovo (Baltar).

Deste xeito comezou a singladura no IES de Vilalonga do **Programa TEI (Titorización entre Iguais)** cunha primeira fase de formación que se levou a cabo no primeiro trimestre do curso. Na segunda fase que tivo lugar a partir de xaneiro, empezou a aplicarse o programa no seo da comunidade educativa. Logo da experiencia de catro cursos, contamos



seguir desenvolvéndoo durante o próximo curso 2020-2021. A formación do curso de titorización entre iguais realizase mediante un corsiño e un seminario.

O programa TEI é un proxecto pioneiro de mellora de convivencia e en contra do acoso escolar que se está implantando en centros de moitas comunidades autónomas. A súa dinámica fai que o alumnado de 3º de ESO se converta en tutor/a, mediador/a e valedor/a do alumnado de 1º de ESO.

Cada alumno/a de 1º ten en 3º un compañeiro/a a quen contarlle as súas dificultades e os seus problemas e este/a pasa a ser o/a guía que o/a axuda e anima comprometéndose voluntariamente a asumir esta responsabilidade ao mesmo tempo que fomenta unha dinámica de colaboración e de respecto mutuo. Permanecendo atento aos comportamentos negativos nas relacións entre compañeiros e intentando evitalos. O obxectivo é acadar unha mellora global nas relacións e no nivel de asunción de responsabilidades dos/as alumnos/as.

A biblioteca colabora activamente na elaboración e funcionamento do Programa TEI, mediante a participación no mesmo de varios profesores do equipo e prestando o seu espazo e medios materias para a realización do mesmo.

D.-DOCENCIA A TRAVÉN DEL AULA VIRTUAL:

Seminario para fomentar e actualizar o uso das TICs entre o profesorado e dende estes ao alumnado. A biblioteca participará, a coordinadora e varios membros do equipo asistirán e intentaran levar os novos coñecementos o labor diario da biblioteca.

E.- PROXECTO ELBE.2 : ao longo do curso 2017/18 únimonos a este proxecto. O obxectivo era crear un acceso a plataforma dixital que puxo a nosa disposición a Asesoría de bibliotecas. Ao longo do curso recibimos información, fondos para comprar soportes de lectura dixital e formación. No mes de maio fixemos os primeiros accesos e préstamos a mesma. Para o próximo curso esperamos utilizala habitualmente. **A biblioteca pon o servizo de todo o alumnado os seus recursos:** libros, ordenadores, prensa, e-boock, etc. Así como todas as actividades que organizamos directamente ou en coordinación cos Departamentos ou profesores concretos. Como consecuencia cremos que a biblioteca en si convértese nun recurso para compensar as desigualdades, para tratar de chegar alí onde as familias non poden.

CONTRATOS PROGRAMA

Contratos-Programa Inclúe (CPIInclúe)

- IGUÁLA-T

Número total de alumnado implicado 330 Profesorado: 5

- CONVIVE-T

Número total de alumnado implicado 672 Profesorado: 18



- INCLÚE-T
Número total de alumnado implicado 114 Profesorado: 3
- EMOCIONA-T
Número total de alumnado implicado 256 Profesorado: 14

PLAN DE FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO

1. ELABORACIÓN PLAN DIXITAL DE CENTRO: José Luis del Castillo Fondevila
 2. PRÁCTICA E AFONDAMENTO NO PLAN DE CONVIVENCIA DO CENTRO: Joaquín María Rodríguez Pomares
 3. ELABORACIÓN PLAN DE IGUALDADE: Laura
 4. ROTEIRO MATEMÁTICO POR SANXENXO: Gutier
 5. PROGRAMA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE: Xaquín e Noli
 6. PFFP:
- **PROXECTO 1: "REGULACIÓN, REXENERACIÓN NO COCHE ELECTRICO"** *Amancio Peleteiro*
 - **PROXECTO 2:"CENTRALIÑAS E CUADROS DIXITAIS".** *J. M. Alejos*
Participan cos centros IES Bouza Brey e o CIFP A Xunqueira nos seguintes:
 - **PROXECTO 3: "INCLUSIÓN DA MULLER NA FP DE AUTOMOCIÓN"** *Coord: Ies Bouza Brey*
 - **PROXECTO 4: "TÉCNICAS DE CONDUCCIÓN PARA PROFESORES"** *Coord: CIFP A Xunqueira*

7.-ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS para a lectura:

A hora de ler lévase a cabo na aula correspondente e co profesor que teña clase co grupo a esa hora. Rótanse os distintos grupos para ler na biblioteca, na hora de ler, cada semana e así poder gozar do espazo e a tranquilidade desta. Asemade numerosos profesores acoden a biblioteca para impartir clase: usando os equipos informáticos, buscando información nos seus fondos, para facer lecturas compartidas, etc. Este curso recuperamos estas actividades.

A biblioteca poñerá en marcha a hora de escribir, que se fará no tempo e espazo da hora de ler no mes de maio, cos textos farase unha selección e outorgaranse premios a final de curso.O Centro participará en certames literarios nos Institutos próximos que os organicen, como ven sendo habitual no IES de Portonovo.

8.-A BIBLIOTECA ESCOLAR NO CENTRO:

É un recurso de referencia para todo tipo de actividades tanto as da aula como as extra escolares: conferencias, exposicións do alumnado ou de fora, obradoiros, talleres, etc.

Está presente en todos os órganos de decisión do Centro: claustro, comisión pedagóxica e consello escolar. Fai divulgación da súa labor e todo o relativo as actividades culturais que



se fan no Centro ou fora del. O equipo da biblioteca anima e colabora en todas as actividades.

SECCIONES:

A Biblioteca do IES de Vilalonga ten un espazo considerable e centraliza a maior parte dos recursos do Centro, desde que nos unimos o PLAMBE todos os departamentos compran e gardan os seus fondos a través da biblioteca, isto resulta más práctico e manexable. O problema que provoca é a necesidade de reorganizar o espazo e levar a cabo expurgos considerables, sobre todo da colección máis antiga, a miúdo en malas condicións. O curso pasado revisamos, recatalogamos e recolocamos parte da colección de Lingua e Literatura castelá e galega, desexamos continuar, pensamos en filosofía e ciencias para este curso.

9.-RECURSOS HUMANOS:

A coordinadora da biblioteca é a profesora M^a Teresa Fidalgo Villaverde (8 horas), por séptimo ano , a miña intención era renovar o equipo para dar cabida a novas ideas. Este curso diminuíu o número de horas e de membros de equipo: José Ramón Pérez Calvelo (2 hora),José Dopazo Blanco (1h).

A biblioteca permanecerá atendida durante todos os recreos (a coordinadora e os membros de o equipo fan as gardas de recreo de forma voluntaria) e estará aberta o maior número de horas posibles.

Manifestamos, non obstante a necesidade de que as persoas que conforman o equipo de biblioteca posúan polo menos dúas horas do seu horario lectivo para realizar tarefas na biblioteca e a absoluta necesidade de poder dispoñer dunha hora para reunirnos todos e todas (este curso non será posible manter a hora de reunión)

10.-ITINERARIOS LECTORES: 2022/23.

Lecturas propostas polo **Seminario de X^a e Historia** para a ESO, son lecturas voluntarias que se terán en conta na cualificación:

1º da ESO:

- “Os Barbanzóns”. Pepe Carreiro.
- “Historias de Galiza”. Volumes I e II.Carlos R. Ramos.
- “A mansión dos Pampín”. Miguel Anxo Prado.
- “Os mozos de Moeche”. Manuel Cráneo.
- “Las aventuras de Tintín”. Hergé.
- “Emigrantes”. Shaun Tan.
- “Robinson Crusoe”. Daniel Dafoe.
- “La Odisea contada para niños”



- “Los viajes de Gulliver”. Jonathan Swift. (adaptación de Martin Jenkins) - “Las aventuras de Ulises”. Adaptación de Rosemary Sutcliff. - “A cova das vacas mortas”. Janrequizar.

2º da ESO:

- “Una aldea en tiempos del románico”. J. Núñez González.
- “Una ciudad a través del tiempo”. P. Steele/S. Noon.
- “Un puerto a través del tiempo”. A. Millard./S. Noon
- “Leonardo da Vinci”, Los maestros del arte.F.Romei.
- “La Europa del Renacimiento”.L. Corraín. - “Historia de la arquitectura”F.Milo.

Películas:

- “El reino de los cielos”. Ridley Scott.
- “El nombre de la rosa”. J.J.Annaud.
- “Excalibur”.John Boorman.
- “Elizabeth”. S. Kapur.
- “1492, la conquista del paraíso”. R.Scott.

3º da ESO:

- En Xeografía é moi útil a busca de información en internet en páginas meteorológicas, de información sobre climas, paisaxes, economía, poboación, política etc.
- Atlas xerais e temáticos.
- Revista mensual National Geográfic.
- Revista mensual Geo.
- Periódicos diarios.
- Tablas estadísticas dos Gobiernos central e autonómico.
- “El viejo que leía novelas de amor”. Luis Sepúlveda.

Películas:

- Documentales: series “La ruta de la seda” e Trilogía Antártica.
- “El cambio climático”.Al Gore.
- “Wall Street” Oliver Stone.
- “Gorilas en la niebla”. Michael Apted.



4ºda ESO:

- “El diario da Ana Frank”.Ana Frank.
- “El niño del pijama de rayas”. John Boyne. - “La caída de los gigantes”. Ken Follett.

Películas:

- “La caída de los dioses”.L.Visconti.
- “El imperio del sol”. S. Spielberg
- “Sin novedad en el frente”. L. Milestone.
- “Senderos de gloria”. S. Kubrick.
- “Las uvas de la ira”. John Ford.
- “La caza del octubre rojo”. John McTiernan.
- Lista de libros propostos como lecturas do Plan Lector.

Seminario de bioloxía e xeoloxía:

AUTOR	TÍTULO	EDICIÓN	Nivel
Goldsmith. Mike & Goddard, Clive	Los científicos y sus locos experimentos ©El rompecabezas	©El rompecabezas	ESO 1º ciclo

Sides, Hampton	Los enigmas de la naturaleza	©Oniro, 2002	"
AUTOR	TÍTULO	EDICIÓN	Nivel
Torok, Simon & Holper, Paul	Ciencia extravagante	©Onivo, 2005	"
Bryson, Bill	Una breve historia de casi todo	©2003 ©RBA	ESO 2º ciclo
Gratzer, Walter	Eurekas y euforias. Como entender la ciencia a través de sus anécdotas	©2002 ©Crítica, 2004	"
Gregori, Javier (coord.)	¡Esto es imposible! Científicos visionarios que cambiaron el mundo	©Santillana, 2000	"
Punset, Eduard	Cara a cara con la vida, la mente y el Universo. Conversaciones con los grandes científicos de nuestro tiempo	©2004 ©Destino, 2007	"
Scientific American	Cuestiones curiosas de ciencia	©Alianza Editorial, 2006	"
Watson,James D.	La doble hélice	© 1968 © Alianza Editorial, 2000, 2005	"
White, Michael	Lenguas viperinas y soñadores tranquilos	© 2001 © Espasa, 2002	"

Seminario de Lingua e Literatura galega:

1º ESO:

- Chamádeme Simbad, Francisco Castro. Ed. Galaxia
- *O achado do castro*, M. Núñez Singala. Ed. Galaxia
- *Xinfu Múxel Attacks*, Adrián Morgade. Ed. Xerais

2º ESO:

- MISA, Iria: *Mamá, quero ser Ziggy Stardust*. Xerais.
- MACEIRAS, Andrea: *O que sei do silencio*. Ed. Xerais.
- LABRAÑA, Carlos: *Estrelecer*. Ed. Galaxia.



3º ESO:

- *Corredores de sombras*, A. Fernández Paz. Ed. Xerais
- *Makinaria*, Carlos Negro. Ed. Xerais
- *En galego, por que non?* Ed. Galaxia

4º ESO:

- *Os vellos non deben de namorarse*, Castelao. Ed. Galaxia
- *Memorias dun neno labrego*, Neira Vilas. Ed. do Castro
- *Ámote Leo A. Destino xalundes*, Rosa Aneiros. Ed. Xerais

1º BACH:

- *A arte de trobar*, Santiago Lopo. Ed. Xerais
- *Senlleiras*, Antía Yáñez. Ed. Galaxia
- *Un elefante na sala de estar*, Berta Dávila. Ed. Xerais

2º BACH:

- *Arredor de si*, Otero Pedrayo. Ed. Galaxia
- *A esmorga*, Blanco Amor. Ed. Galaxia
- *Beleza vermella*, Arantza Portabales. Ed. Galaxia

Seminario de lingua e literatura española:

1º ESO	
Libros de lectura:	1ª Aval.: <i>Retrato de Carlota</i> , de Ana Alcolea.
	2ª Aval.: <i>La ratonera</i> , de Ágatha Christie. Ed. Edelvives.
	3ª Aval.: <i>El valle de los lobos</i> . Laura Gallego García. Santillana.
2º ESO	
1ª aval.	<i>Oliver Twist</i> , Charles Dickens, Colección Cucaña, Vicens-Vives
	<i>Charlie y la fábrica de chocolate</i> , Roald Dahl, Alfaguara juvenil
	<i>La hija de la noche</i> , Laura Gallego, Edebé.
2ª aval.	<i>Nunca más</i> , Fernando Lalana J.M. Almárcegui, Bambú
	<i>Tom Sawyer</i> , Mark Twain, Colección Cucaña, Vicens Vives
	<i>El príncipe de la niebla</i> , Carlos Ruiz Zafón.
	<i>El oro de los sueños</i> , José Mª Merino, Vicens Vives.



3ª aval.	<i>Pippi Calzaslargas</i> , Astrid Lindgren
	<i>Sin vuelta atrás</i> , Jordi Sierra i Fabra SM
	<i>Los vampiros no creen en Flannagan's</i> , Andreu Martín y Jaume Ribera, Anaya
	<i>El extraño caso del doctor Jekyll y el señor Hyde</i> , Robert Louis Stevenson.
	<i>La perla</i> , John Steinbeck, Vicens Vives.
3º ESO	
1ª aval.	<i>Invisible</i> de Eloy Moreno. <i>Frankenstein</i> de Mary Shelley .
2ª aval.	<i>El misterio de la cripta embrujada</i> de Eduardo Mendoza. <i>El sabueso de los Baskerville</i> de Conan Doyle.
3ª aval.	<i>El guardián entre el centeno</i> de Salinger. <i>Marina</i> de Ruiz Zafón.
4º ESO	
Librosdelectura:	1º Aval.: <i>La piel de la memoria</i> , de Jordi Sierra i Fabra.
	2ºAval.: <i>Cuatro corazones con freno y marcha atrás</i> , de Enrique Jardiel Poncela.
	3º Aval. : <i>La familia de Pascual Duarte</i> , de Camilo José Cela.
1º BACHARELATO	
1ª aval	<ul style="list-style-type: none"> • <i>La Celestina</i>, de Fernando de Rojas (adaptación teatral de Luis Montero, Ed. Tusquets).
2ª aval	<ul style="list-style-type: none"> • <i>El Lazarillo</i> • <i>Dos novelas ejemplares</i> de Cervantes indicadas por el profesor.
3ª aval	<ul style="list-style-type: none"> • <i>Don Álvaro o la fuerza del sino</i>, del Duque de Rivas. • Selección de Artículos de Larra . • <i>Los pazos de Ulloa</i>, de Emilia Pardo Bazán.
2º BACHARELATO	
	<i>Romancero gitano</i> de Federico García Lorca. <i>La fundación</i> de Antonio Buero Vallejo. <i>Crónica de una muerte anunciada</i> de Gabriel García Márquez. <i>El lector de Julio Verne</i> de Almudena Grandes.



2º DE BACHARELATO.

1ª Aval.:

El Romancero gitano, Federico García Lorca. Preferiblemente la edición de Cátedra.

2ª Aval.:

La Fundación, Antonio Buero Vallejo. Preferiblemente la edición de Austral.

Crónica de una muerte anunciada, Gabriel García Márquez.

3ª Aval.: *El lector de Julio Verne*, Episodios de una guerra interminable, Almudena Grandes.

Seminario de Inglés:

3º da ESO:

The gost of the Green lady

2º da ESO:

Piratas del Caribe

Seminario de Latín e grego

A escoller:

Jason e os argonautas / La Odisea/Los trabajos de Hércules

El vellocino de oro/La guerra de Troya (Robert Graves)

El rey debe morir/Juegos funerarios (Mary Renault)

Antígona/ Edipo rey de Sófocles

Medea / Hipólito de Eurípides

La vida cotidiana de Grecia (Flacelière)

Historia de los griegos (Montanelllo)

La Eneida

Departamento de francés.-



ACCIÓN DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR E PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO

1. PLAN LECTOR

Como ben se di no plan de fomento da lectura, elaborado polo Ministerio de Cultura, "a lectura é unha ferramenta fundamental no desenvolvemento da personalidade e da socialización; como elemento esencial para convivir en democracia". Toda a sociedade, en xeral, e o profesorado, en particular, debemos formar na habilidade de ler e contribuir a fomentar a lectura xa que consideramos que esta, como instrumento de aprendizaxe, é o eixo común de tódalas materias e o mellor medio para seguir aprendendo despois da escolaridade. Por todo isto, dedúcese que non deba ser un obxectivo exclusivo de lingua e tódolos Departamentos e tódalas materias deben consideralo un obxectivo propio.

Dende o Departamento de Francés, intentamos potenciar este hábito de distintas formas: Dentro da competencia clave lingüística, a comprensión de textos escritos non debería limitarse á lectura dos textos proporcionados polo método, nin tampouco aos textos que o método propón; buscase como documentación de apoio. A lectura de textos más extensos, de autores críticos, para fomentar o pracer de ler debería formar parte da aprendizaxe: por un lado, les "historias" permitiríalles aos alumnos comprobar que o que aprenderon ten un sentido real fóra da aula e iso motivarlos. E por outro, comprobarían que a lingua estranxeira non só é útil, senón que pode ser fonte de goce. Hai que deixar claro que a lingua base ten que ser sempre o francés e que se pode utilizar o galego e o castelán sempre como referentes, pero para situaciones neste nivel lecto: teríamos que dispor de maior carga lectiva e non é o caso, na ESO dende fai xa varios anos.

Enbacharelato, antes da LOMCE tifámos un club de lectura de Banda Deseñada en francés, debido á redución da carga horaria lectiva, xa hai algún anos nos que nos é imposible poñer en marcha este club, agás que o alumnado decidira participar en horario extra escolar.

2. PROXECTO LINGÜÍSTICO

Actuacions específicas levadas a cabo dende o departamento de francés dentro da aula:

Lectura de textos
Técnicas de lectura creativa
Lecturas obligatorias
Obradoiros de animación á lectura durante a sesión de clase.
Actividades de reflexión lingüística e literaria
Fluidez lectora
Probas de rapidez lectora
Técnicas básicas
Técnicas específicas
Comprensión de textos orais e escritos
Audiciones.
Visionado de películas ou curtas e traballos específicos sobre algúns dos temas tratados.
Expresión oral e escrita
Producción de textos orais e escritos
Obradoiro de escritura creativa
Mellora da ortografía
Ficheiro léxico-ortográfico
CADERNO DE ORTOGRAFIA PERSONALIZADO
Outros:
Adquisición de vocabulario
Exercicios de soletreo
Xogos, concursos lingüísticos
Uso e fomento da biblioteca

Departamento de filosofía:

S. de Beauvoir, El segundo sexoi

Albert Camus, El extranjero

Albert Camus, La peste

Emil Cioran, En las cimas de la desesperación

A. Figueiredo, Feminismos

Ana Frank, Diario

Victor Frankl, El hombre en busca de sentido

S. Freud, El malestar en la cultura

Erich Fromm, El arte de amar

J. Gaarder, El mundo de Sofía

M. Harris, Vacas, cerdos, guerras y brujas M. Harris, Caníbales y reyes

Aldous Huxley, Un mundo feliz

Ernst Jünger, Tempestades de acero

Franz Kafka, La metamorfosis

Stanislaw Lem, Solaris

P. Levi, Si esto es un hombre

Gemma Lienas, Diario de rojo de Carlota

A. Martín, Diario rojo de Flanagan

K. Marx, El manifiesto comunista

Chimananda Ngozi, Todos deberíamos ser feministas

Chimananda Ngozi, Querida Ijeawele o cómo educar en feminismo

Friedrich Nietzsche, El anticristo

Friedrich Nietzsche, Genealogía de la moral

Friedrich Nietzsche, Así habló Zarathustra
Friedrich Nietzsche, El crepúsculo de los ídolos
G. Orwell, 1984
J. Sacco, Días de destrucción y revuelta
J. Sacco, Gorazde
J. Sacco, Palestina
J.P. Sartre, La náusea
J.P. Sartre, Es el existencialismo un humanismo?
P. Singer, Liberación animal
B.F. Skinner, Walden Dos
B.F. Skinner, Más allá de la libertad y dignidad
R. Solnit, Os homes explícanme cousas
H.D. Thoreau, Walden
Nuria Varela, Feminismo para principiantes

11.-ACTIVIDADES PROGRAMADAS: curso 2022-23

Programación de actividades culturais e extraescolares dos departamentos de Normalización Lingüística e a Biblioteca.

- ❖ **Exposicións.** Ao longo do ano estaremos atentos a todas aquellas que poidamos conseguir e sexan de interese para o alumnado, o profesorado e a actividade curricular e educativa en cada momento. Non é preciso, en principio, describilas todas agora nin secuencialas porque nunca interromperían o normal funcionamento do centro. Tamén se exhibirán na Biblioteca todas aquellas exposicións que desexen vir ao centro por mediación doutros departamentos e sobre todo aquellas que xurdan da actividade do noso alumnado, que son sempre as más desexables. Pola súa parte, a Biblioteca terá exposicións permanentes de libros: novedades, temas, autores, homenaxes, xéneros, celebracións, eventos culturais, científicos e tecnolóxicos, sociais ou políticos, dependendo das circunstancias. **1º, 2º, 3º trimestre.**
- ❖ **Obradoiros. Lectura e Creación.** Estas actividades que sempre alegraban e dinamizaban as actividades educativas este curso intentaremos recuperárlas. Non sabemos o que poderemos conseguir e o que será prudente facer. Ao longo do curso veremos que se pode organizar.
- ❖ **Encontros con escritores. Divulgación da lectura.** Temos previsto que acudan ao centro distintos escritores, intentaremos que estean relacionados coas lecturas obligatorias e voluntarias do alumnado, así espertan máis expectación.
- ❖ **Certames. Homenaxes.**



- Como cada ano, queremos participar no **concurso de creación literaria** convocado polo **IES de Sanxenxo**, no mes de abril ou maio, aproximadamente. **Require traslado** que é facilitado polo centro que o convoca. **Tempo, catro horas.** Acudirán unha selección de **alumnos** dos niveis que os profesores, comprometidos con esta actividade, estimen conveniente entre **1º ESO e 2º BACH..** A preparación e preselección será durante o 2º trimestre. No festival organizado polo IES de Baltar entregaranse os premios deste concurso. **3º trimestre.**
- Concurso de creación literaria (poesía/microrrelato) do IES de Vilalonga “**Abril dos libros, maio das letras**” **Biblioteca e EDL**, que terá lugar entre os meses de abril e maio. Os premios entregaranse no festival de final de curso. **3º trimestre.**
- O Día Internacional do Libro, 23 de abril, celebrarase con exposicións de novedades, actividades de lectura e a actividade habitual de préstamo de libros, durante toda a mañá, baixo o lema “**Un libro, unha flor**”. **Todo o alumnado.** Non require fixar horario, utilizaranse preferentemente os recreos. Igual que o anterior esperemos que nesas datas a situación sexa mellor e poidamos celebralo. **3º trimestre.**
- **Día das Letras Galegas** haberá exposicións de libros do escritor homenaxeado, exposición de carteis, pase de documentais, banda deseñada en galego e actividades de educación documental e dixital sobre a obra do autor. Participarán nas actividades só os cursos, cuxos profesores decidan comprometerse. **Todo o alumnado**, pero non se require horario. Igual que o anterior esperemos que nesas datas a situación sexa mellor e poidamos celebralo. **3º trimestre.**
- A biblioteca apoia e colabora na súa divulgación coa actividade de creación de **“Enormic Banda”**, nº 19 da REVISTA de banda deseñada da CEDNL do Salnés. **Todo alumnado.** Non require horario. **2º trimestre.**

❖ **Celebraranse datas sinaladas:** Este cuso guiarémonos pola lista enviada pola Consellería de Cultura e Educación:

1. Durante o curso escolar celebraranse, como mínimo, as seguintes conmemoracións:
 - 20 de novembro de 2021: Día Universal da Infancia.
 - 25 de novembro de 2021: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
 - Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2020: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
 - 3 de decembro de 2021: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
 - 10 de decembro de 2021: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
 - 24 de xaneiro de 2022: Día Internacional da Educación.
 - 30 de xaneiro de 2022: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
 - 24 de febreiro de 2022: Día de Rosalía de Castro.

- 8 de marzo de 2022: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2022: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 7 ao 11 de marzo de 2022: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.
- 7 de abril de 2022: Día Mundial da Saúde.
- Entre o 18 e o 22 de abril de 2022: Semana do Libro.
- 2 de maio de 2022: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2022: Día de Europa.
- Do 16 ao 20 de maio de 2022: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2022: Día Mundial do Medio Ambiente.

❖ **Teatro.** A Biblioteca apoiará e participará nas saídas ao teatro do alumnado, para o que estudaremos os diversos programas que se oferten este ano, en distintos lugares de Galicia; ainda que se valorará a proximidade xeográfica. Daráselle prioridade ao protocolo de Seguridade e Hixiene. **Todo o alumnado.Todo o curso.**

❖ **Música.** Divulgaremos e colaboraremos co Departamento de Música na asistencia a un concerto, pero tamén divulgaremos e colaboraremos na medida do posible noutrous actos musicais. Actos coordinados polo profesor de música do centro Xoán Andrés Ventoso en calidade de membro da asociación de profesores de música. Daráselle prioridade ao protocolo de Seguridade e Hixiene. **3º trimestre**

❖ **Cine. Difusión do cine** da Biblioteca e das carteiras comerciais. Nesta tarefa colaborará, estamos seguras, todo o profesorado do centro, como xa fixo no curso pasado. **1º, 2º, 3º trimestre.** Sen horario.

❖ **Ciencias.**

- Trataremos de traer ao centro ou ao Pazo Emilia Pardo Bazán a algunha persoa destacada neste campo para que charle de **temas actuais relacionadas coa ciencia.**
- Colaboración cos D. de Física e Química e de Tecnoloxía na realización da Semana das Ciencias. **Alumnado da Eso. 2º trimestre.**
- Daráselle prioridade ao protocolo de Seguridade e Hixiene.

❖ **Crise, cooperación e solidaridade.**

- No 1º trimestre realizaremos unha conferencia que trate temas de solidariedade e tolerancia, no 2º e 3º trimestres tamén programaremos actividades relacionadas con este tema.
- Conferencia sobre a pandemia do coronavirus.

- Conferencia sobre a Comarca do Salnés 1º trimestre?.
- Conferencia sobre inmigración 2º trimestre?.
- Conferencia sobre a lectura e os libros. 2º trimestre
 - ❖ **Intercambios. Colaboracións. Viaxes.**

En principio quedan suspendidos todos os intercambios ou viaxes, ao longo do curso veremos se é posible reanudar a actividade habitual. É prioritario o aspecto sanitario.

4.- Actividades encamiñadas a fomentar a lectura e a desenvolver o Plan Lector:

- **Coordinación dos Clubs de lectura. Adquisición de fondos destinados a este fin.**
- **Realización de actividades relacionadas coa lectura na biblioteca e no salón de actos, por ter un aforo máis amplo, ao longo do ano escolar: encontros con autores, reflexións sobre os textos, sobre as diferentes maneiras de vehicular as mensaxes, diferentes soportes etc...**
- **Animación** e, sería desexable a coordinación compartida da **Hora de ler**; revisión continua desta, do seu funcionamento, seguindo na liña que iniciamos o curso pasado, despois de realizar unha avaliación construtiva e entender que non estaba a funcionar como sería desexábel, nesta habería que revisar o proxector Lector.

12.- CONCLUSIÓN:

O IES de Vilalonga entrou no PLAMBE en 2006 dende entón traballamos constantemente en favor da lectura e a escritura en todas as materias e formatos. Intentamos atraer o máximo de lectores posibles da comunidade escolar, como medio de acceso ao coñecemento. Nos últimos cursos temos un especial interese nas novas tecnoloxías que forman parte da vida diaria e polo tanto hai que telos en conta como medios de acceso ao coñecemento. A investigación e tratamiento da información terá un lugar destacado este curso na labor do Centro e da Biblioteca.

Pensamos que a biblioteca é un elemento imprescindible no traballo diario dos centros escolares, tanto polos recursos que pon a disposición da comunidade como pola labor cultural que realiza.



BIBLIOTECA IES DE VILALONGA
<http://abeiradaspalabras.blogspot.com.es/>
<http://praiadaspalabras.blogspot.com/>
bevilonga@gmail.com

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



IES de Vilalonga
A Salgueira, 40 - 36990 Vilalonga-Sanxenxo (Pontevedra)
886159137 - FAX: 886159146
ies.vilalonga@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesvilalonga

M^a Teresa Fidalgo Villaverde

Coordinadora da biblioteca.

IES Vilalonga- 15/10/2022



HORARIO 2021-22

	0	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
1						
2			PEPE			
1R	ROSA	TERESA	TERESA	TERESA	TERESA	GEMMA
3					ROSA/GEMMA	PEPE
4		JOSÉ RAMÓN	JOSÉ RAMÓN		TERESA	
2R	TERESA	TERESA	TERESA	TERESA	TERESA	TERESA
5		TERESA				
6		TERESA		TERESA		

7					
8					